

## **BANDO 2007**

### **Día das Letras Galegas**

Cada ano, cada 17 de maio, celebramos o Día das Letras Galegas. Unha data que serve, en primeiro lugar, para fortalecer e afianzar a nosa memoria histórica como pobo a través do sinal de identidade que nos é máis propio: a lingua. En segundo lugar, esta conmemoración axúdanos a recuperar aquelas figuras sobranceiras das nosas letras como é o caso, neste ano, da poeta noiesa María Mariño, que recibe a homenaxe do pobo galego no centenario do seu nacemento.

Ademais de lembrar os nomes de mulleres e homes que manifestaron un compromiso co noso país e coa nosa cultura, queremos que o día de hoxe sexa unha xornada de reflexión sobre a responsabilidade persoal e colectiva que nos corresponde na defensa do galego, pilar básico na conservación da nosa identidade, do noso xeito de ver e de describir o que nos rodea.

O Concello de Santiago de Compostela reitera o firme compromiso da institución co noso país, coa nosa cultura e coa nosa lingua. Nesta tarefa colectiva radica o futuro do noso pobo.

**Santiago de Compostela, 17 de maio de 2007**

**Xosé A. Sánchez Bugallo**  
**Alcalde de Santiago de Compostela**